

CORRECCIÓN-EXPLICACIÓN TAREFA HUME TEXTO ABAU 1

- As afirmacións sobre **cuestións de feito** dependen da **experiencia**. A **verdade** ou a **falsedade** relativa a unha **cuestión de feito** establécese en base á **experiencia**.
- As afirmacións sobre **cuestións de feito** baséanse en observacións directas, e en **inferencias causais** sobre feitos pasados, presentes ou futuros.
- O **coñecemento de feitos** baseado na **relación causa-efecto** permite predecir feitos futuros, pero esa **conexión** entre un **feito-causa** e un **feito-efecto** non é *a priori* nin innata, senón que se basea na **experiencia**.
- A **relación causa-efecto** entre un feito anterior e outro feito posterior establécea o noso entendemento en base a **experiencias pasadas**, é unha conexión *a posteriori*.
- A **conexión causa-efecto** non implica unha conexión lóxica necesaria, senón que ten unha natureza **continxente** e de **probabilidade**.
- Hume recoñece a importancia do **principio de causalidade** na **vida cotiá** e nas **ciencias empíricas**, pero admite que se funda no **costume** (experiencias pasadas) e na **crenza** de que no futuro se repetirá esa conexión entre feitos que xa experimentamos anteriormente.